

ADDENDA AO PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN E FIXACIÓN DE EMPRESAS EN GALICIA MEDIANTE A CREACIÓN DA INICIATIVA “CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA”

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Don Alberto Núñez Feijoo, actuando en calidade de Presidente da Xunta de Galicia que actúa para este acto en representación desta en virtude do disposto nos artigos 10 e 24 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, das normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Pola outra parte, Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) que actúa para este acto en representación desta en virtude do disposto nos artigos 44 e 46.1.B dos seus Estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das funcións que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

I.- Con data 10 de outubro de 2017 asinouse o “Protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa Concellos Doing Business Galicia”.



II.- A cláusula segunda do Protocolo establece nos seus apartados 4 e 5 o seguinte:

“4.- Taxa pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalente: establecer a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de obra ou verificación “a posteriori” de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.


5.- Taxa pola apertura de establecementos: establecer a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de apertura ou verificación “a posteriori” de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3”.

III.- A Federación Galega de Municipios e Provincias, en reunión ordinaria da súa Comisión Executiva celebrada o pasado 15 de novembro de 2017, acordou solicitarlle á Xunta de Galicia que a adopción dos acordos por parte de cada Concello derivados do disposto nos apartados 4 e 5 da cláusula segunda anteriormente transcrita teñan carácter voluntario, así como facer extensiva a posibilidade de incluír nos mesmos “os beneficios fiscais que sexan aplicables” a maiores dos supostos de non suxeición xa mencionados.

Por todo o anterior, os comparecentes, na representación que ostentan, subscriben a presente Addenda a cuxo efecto,

ACORDAN

Que a redacción dos apartados 4 e 5 da cláusula segunda do “Protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias



para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa Concellos Doing Business Galicia” quede como segue:


“4.- Taxa pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalente: poderán establecer os beneficios fiscais que sexan aplicables ou a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de obra ou verificación “a posteriori” de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

5.- Taxa pola apertura de establecementos: poderán establecer os beneficios fiscais que sexan aplicables ou a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de apertura ou verificación “a posteriori” de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3”.

O resto das cláusulas mantéñense invariables.

E en proba de conformidade, subscriben a presente addenda por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Xunta de Galicia




Alberto Nuñez Feijóo

O presidente da Fegamp



Alfredo L. García Rodríguez



FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS
Presidencia